

## Notas sobre o caso de Ana Lois Navaza

No mes de abril de 1999 publicase no BOE a relación de candidaturas para as eleccións municipais a celebrar ese ano. Na lista do BNG para o concello de Dozón inclúese a Ana Lois, que é funcionaria do devandito concello desde o 1 de abril de 1990. A partir dese momento o alcalde do concello ADOLFO CAMPOS PANADEIRO comeza unha persecución política contra a citada Ana Lois, que tamén ostentaba o cargo de delegada sindical da CIG no Concello.

Manifestase a persecución en notas de prensa e comunicados emitidos polo propio alcalde nos que cualifica a esta traballadora de “payasa”, “gentuza”, “vaga”, “persona non grata”, etc. Contra esas actuacións do alcalde presentáronse as denuncias correspondentes, que deron orixe a sentenzas da xurisdicción penal no ano 2001, condenando ao alcalde como autor de “faltas de injurias”.

Paralelamente a esas accións insultantes, procede o alcalde a modificar todas as condicións de traballo da funcionaria Ana Lois, con retiradas de complementos salariais, cambios de ubicacións nas dependencias do concello, modificación das vacacións, modificación das pausas de xornadas, sancións disciplinarias, etc, que deron lugar a múltiples recursos pola vía contencioso administrativa, que inexorablemente, remataban con sentenza anulando as resolucións da alcaldía, e cualificando as mesmas como “desviación de poder”, e falándose mesmo de que tiñan como causa razóns de índole político.

Diante de todo iso deuse conta ao Valedor do Pobo, que actúa enviando comunicación ao concello, que contesta, entre outras cousas, o seguinte: “que o cambio de horarios era para evitar que tiveran menos tempo as listas do PSOE e BNG, onde unha das funcionarias ía na candidatura”. O Valedor envía dous asesores ao concello aos que o alcalde informa: “toda esa problemática ten a súa orixe no feito de que una funcionaria, D<sup>a</sup> Ana Teresa Lois Navaza, figuraba como candidata a concelleira nas listas do Bloque Nacionalista Galego, polo que tiña temor (sic) de que ía manter un comportamento ou actitude non acorde co seu cometido de funcionaria”. O informe do Valedor fala de que non existían razóns nin para os cambios de xornadas de Ana Lois, nin a pausa durante o traballo cun horario rixido, nin cambiar o abono da nómina por transferencia a talón, nin denegar as vacacións, nin mandar a Ana Lois a traballar nunhas dependencias illadas do núcleo urbano e afastadas da casa consistorial e do resto de servizos municipais. Realiza recomendacións para corrixir.

O Alcalde contesta o seguinte: “un par de meses antes das eleccións locais tiveron noticia polo pobo que, durante a xornada de traballo, realizaban na ventanilla, cos veciños, política contraria a este concello, polo que nos vimos na necesidade de trasladalas provisionalmente a outros despachos”, colocando a unha contratada e a unha concelleira do PP (contratada para iso sendo concelleira), na atención ao Público.

As sentenzas que se ditaron na xurisdicción contenciosa case que nunca se cumpriron polo concello, e tanto é así que á traballadora a sancionaron cunha suspensión de emprego e soldo de ano e medio, outra de seis meses, e outra de sete meses, estando sen cobrar meses a súa nómina en tanto se tramitaban

os recursos, que se estimaron polos diferentes xulgados. Pero era igual, e o señor alcalde en novembro de 2000 di no “Faro de Vigo”, a raíz dunha desas sentenzas: “Non teño intención de pagar nin unha soa peseta a Ana Lois, mentres non veña o finiquito do último tribunal”.

Todos eses feitos deron lugar á presentación dunha querela criminal no xulgado de instrución de Lalín, incoada o 18-1-2001 por “precaricación”.

Como consecuencia desas actuacións da Alcaldía, en represalia pola condición política e sindical de Ana Lois, a mesma tivo procesos de incapacidade temporal, iniciados o 23 de agosto de 1999, e continuados, xa case que sen interrupción, o 11 de xaneiro de 2002, até a actualidade, pois todos eses procesos cualificáronse como “síndrome adaptativo, síndrome depresivo”. Todos os procesos foron cualificados como derivados de “accidente de traballo”, cualificación confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o que no ámbito da xurisdición laboral é un fito e unha nova vía para defender aos traballadores desas accións acosadoras.

Pero aínda hai máis: a propia xurisdición social, e posteriormente o propio INSS cualifican os procesos de accidente de traballo, coa obriga do concello demandado de abonar un recargo nas prestacións do 50%, por falta de medidas de seguridade nas actuacións do alcalde. Así, a sentenza do Xulgado do Social nº3 de Pontevedra de 29 de maio de 2006, que impón ese recargo di: “o alcalde aparece como responsábel, permitindo un uso arbitrario do poder, do que é boa mostra a relación de sentenzas, até 13, ditadas polo xulgado contenciosos administrativos, que declaran nulas por ser contrarias a dereito e constituír desviación de poder, moitas das actuacións acoradas polo concello, e que determinaron a aparición das crise de ansiedade e os procesos depresivos da actora que vimos de examinar, nun bo exemplo do que non pode ser un goberno local que confunde o interese público que debe xestionar, co privado ou patrimonialista de considerar o concello como algo alleo a ese interese, identificando intereses dalgúns dos seus membros, en particular, o alcalde, cos de todos os veciños”.

Pola súa banda, a Inspección Provincial de Traballo comparece o día 10-11-2004 no concello e emite un informe que, entre outras cousas di: “...situado xunto ás oficinas xerais a través dunha porta na que se encontra pechada con chave provocando unha situación de illamento da devandita traballadora en relación co resto de traballadores. No seu despacho a temperatura é inferior aos 15 grados, non sendo acaida a mesma para as tarefas sedentarias propias de oficina, levando a funcionaria roupa de abrigo. Non ten corrente eléctrica nos enchufes da instalación eléctrica da oficina. A iluminación é absolutamente insuficiente xa que non existe unha soa bombilla no despacho”. En data 6-2-2006 comparece de novo a Inspección de Traballo e di: “en referencia ás condicións de traballo de Ana Teresa Lois Navaza, o seu despacho continúa a encontrarse nas mesmas condicións que as sinaladas anteriormente, encontrándose pechada con chave provocando unha situación de illamento de dita traballadora. Segue sen corrente eléctrica nos enchufes do despacho e a temperatura é inferior aos 15 grados. Por último compróbase que na súa oficina non ten ningún tipo de documentación relacionada co concello. O armario está baleiro agás por diverso material propia da funcionaria”. Cualifica a Inspección esta situación como “posíbel mobbing ou acoso moral”.

Cualificación corroborada polo TSXG que condenou ao concello a indemnizala con 6.000 euros, en procedemento do ano 2002.

Como consecuencia desas actuacións do Sr. Campos Panadero, ampliase a querela pola posíbel comisión dos delitos contra os dereitos dos traballadores por discriminación no traballo por razón de ideoloxía (Art 314 CP), por infracción das normas de prevención de riscos laborais (art 316), e por lesións derivadas a un menoscabo da súa saúde mental (art 147 CP).

Nese sentido podemos dicir que as lesións son valoradas, tanto polos servizos sanitarios da Seguridade Social, como polos da mutua patronal, como por servizos alleos, e como polo Forense, concluindo todos no seguinte: “trastorno ansioso depresivo secundario a estrés laboral, recorrente e reactivo, de difícil solución, con tratamento psicofarmacolóxico e psicolóxico, e coa consecuencia de menopausia precoz”. Todos os profesionais médicos recomendan o cambio de posto de traballo para evitar unha reactivación do proceso.

A Seguridade Social iniciou un proceso de incapacidade permanente, que lle foi denegada, aínda que padece “trastorno ansioso depresivo recorrente reactivo e menopausia precoz”, concluindo “parece difícil que poda/deba reincorporarse ao seu posto de traballo”.

Ana Lois é funcionaria do concello de Dozón polo que non pode trasladarse a outro centro de traballo, pois é a súa praza, e non pode traballar no seu posto de traballo, aínda que agora está de alta pois non ten invalidez.

De todo isto está informado o Ministerio Fiscal que, como ben se sabe, ten criada unha Fiscalía especial para delitos derivados dos accidentes de traballo por falta de medidas de seguridade. A Fiscalía pide o sobresemento da causa, por non ver indicios de delito ou faltas. Estamos só diante da acusación particular da propia afectada, que despois de ir a todas as vías xudiciais posíbeis, de ter respostas afirmativas as súas pretensións, ten que continuar na mesma situación, e condenada a traballar coa persoa que a acosa, humilla e despreza, e que é a causa de sufrir un accidente de traballo, por falta de medidas de seguridade, e cunha consecuencia irreversible para a súa vida, consecuencia que só se pode paliar se se inhabilita ao causante destes feitos. E a Fiscalía pide a libre absolución do alcalde...